

BORRADOR ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE ELECCIÓN DE ALCALDE 26/05/2014

No Salón de sesións da Casa do Concello de Boimorto, sendo as 20:00 horas horas do día 26 de maio de 2014, reúnen-se, previamente convocados ó efecto, en cumprimento do disposto nos artigos 196 e 198 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, e artigo 40 do Real Decreto 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais,, en primeira convocatoria e sesión pública os Sres. Concelleiros electos nas Eleccións Locais celebradas o día vinte e dous de maio de dous mil once , e que son os seguintes, pola orde da Acta de proclamación de electos:

D. José Ignacio Portos Vázquez

D^a. Ana Ledo Fernández

D. José Angel Rey Seoane

D^a Isabel Sesar Otero

D. Alvaro Fontecoba Vázquez

D. Gonzalo Concheiro Coello

D^a. M^a Jesús Novo Gómez

D. Elisardo Montero Castro

D. Antonio Costoya Duro

D Jesús Modia Seren

D. José Luis Rivas Cruz

Actúa como Secretaria a da Corporación D^a Rebeca Vázquez Vázquez

Pola Secretaría do Concello pásase de seguido a dar lectura íntegra a acta de proclamación de concelleiros electos, formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Santiago, con data 27 de maio de 2011 en relación coas eleccións locais do 2011 na circunscrición electoral de Boimorto, e na que se contén:

<< Número de electores: 2.009

Número de votantes: 1.682

Número de votos a candidaturas: 1.655

Número de votos válidos: 1.673

Número de votos nulos: 9

Número de votos en branco: 18

Número de votos e electos obtidos por cada candidatura:

Candidaturas	Votos obtidos	nº de electos
Partido dos socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)	789	5
Partido Popular (PP) 670	5
Bloque Nacionalista Galego (BNG) 196	1

De seguido, e pola sra. Interventora do Concello dáse lectura a acta de arqueo extraordinario levado a cabo o 26 de maio de 2014, e que de seguido se transcribe literalmente:

<< ACTA DE ARQUEO

ACTA DE ARQUEO EXTRAORDINARIA AO DÍA 26 DE MAIO DE 2014

SALDOS BANCARIOS

ENTIDADE

.....

CONTAS OPERATIVAS	CONTA	SALDO	
1 Caixa Galicia-Novacaixagalicia	2080-0336-74-3110000079	349.621,59	
2 Banco Español de Crédito	0030-6218-90-0375100273	100.940,26	
	SUBTOTAL		450.591,85
CAIXA CORPORACIÓN CONCELLO			
Existencias en Metálico	6.946,38	
Existencias en Cheques	0,00	
	SUBTOTAL		6.946,38
VALORES			
Avais Bancarios (Fianzas)		125.666,99	
	SUBTOTAL		125.666,99

Boimorto, 26 de maio de 2014

A alcaldesa en funcións,

A Interventora,

O Tesourero>>

A continuación pola Secretaria actuante se sinala que de conformidade co previsto nos artigos 196 e 198 da LOREG aplicables ante a renuncia da Alcaldía da que tomou coñecemento o Pleno en sesión extraordinaria de data 22/05/2014:

Artículo 198

En los supuestos distintos a los previstos en los artículos 197 y 197 bis, la vacante en la Alcaldía se resuelve conforme a lo previsto en el artículo 196, considerándose a estos efectos que encabeza la lista en que figuraba el Alcalde el siguiente de la misma, a no ser que renuncie a la candidatura.

Artículo 196

En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:

- a) Pueden ser candidatos todos los Concejales que encabecen sus correspondientes listas.
- b) Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los Concejales es proclamado electo.
- c) Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el Concejale que encabeza la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente Municipio.

En caso de empate se resolverá por sorteo.

Procédese á constitución da Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade presentes no acto non podendo presidir a sesión a Teniente de Alcalde por ser candidata á Alcaldía, actuando como secretario/a o/a que o sexa da Corporación, polo que a Secretaria solicita o concelleiro electo de maior idade D. Xosé Luis Rivas Cruz que pase a presidir a Mesa de Idade acompañado como vogal pola concelleira electa de menor idade D^a. M^a Jesús Novo Gómez a fin de proceder á elección de novo Alcalde.

Constituida a Mesa de Idade polos concelleiros/as electos/as de maior e menor idade indicados xunto coa Secretaria da Corporación o Señor Presidente declara aberta a sesión.

O Sr. Presidente D. Xosé Luis Rivas anuncia que seguidamente procederase á elección de novo Alcalde recordando que de conformidade co artigo 196 da LOREG poden sen candidatos os cabezas de lista de cada candidatura (sendo cabeza da lista do PSdG-PSOE Dna. Ana Ledo Fernández trala renuncia á Alcaldía de D. José Ignacio Portos Vázquez) e preguntando se algún deles retira a súa candidatura.

O Sr . Xosé Luis Rivas manifesta que retira a súa candidatura.

Pola Secretaria do Concello dase lectura o artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de réxime electoral xeral, que establece:

<<a) Poden ser candidatos a alcalde todos os concelleiros que encabezen as súas correspondentes listas.

b) Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos concelleiros é proclamado electo.

c) Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado alcalde o concelleiro que encabece a lista que teña obtido o maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empate resolverase por sorteo...>>

A continuación a Secretaría indica que serán candidatos a Alcalde do Concello de Boimorto os seguintes concelleiros que encabezan as correspondentes candidaturas:

D^a Ana Ledo Fernández

D. Gonzalo Concheiro Coello

Seguidamente pola Secretaria do Concello se indica o sistema da votación que en principio se debe seguir para a elección do Alcalde de conformidade co disposto na Lei 7/1985 de Bases do réxime local infórmase pola Secretaria que debe ser VOTACIÓN ORDINARIA xa que o artigo 70.1 desta norma sinala que <<as sesións do Pleno das Corporacións locais son públicas, non obstante poderán ser secretos o debate e votación dos asuntos que poidan afectar o dereito fundamental dos cidadáns a que se refire o artigo 18.1 a Constitución (Dereito o honor a intimidade e a propia imaxe) cando así se acorde por maioría absoluta>> non considerando que a elección da Alcaldía afecte a dito dereito sinala a Secretaria que a aplicación do 102.3 do ROF que di que a votación secreta só poderá utilizarse para a elección ou destitución de persoas podendo ser nominativa se o decide o Pleno por maioría simple, informa a Secretaria que buscando unha interpretación da normativa e tendo en conta a xerarquía de fontes do ordenamento xurídico primando lei sobre regulamento, intentando unha interpretación conxunta para utilización da votación secreta debería haber acordo por maioría absoluta do PLENO, en principio a votación é única e ordinaria.

De seguido procedese á votación e efectuase pola Mesa de Idade o recuento dos votos emitidos que presenta o seguinte resultado:

NOME DO CANDIDATO	VOTOS OBTIDOS
D. ^a ANA LEDO FERNÁNDEZ	5 dos concelleiros do PdsG-PSOE
D. GONZALO CONCHEIRO COELLO	5 dos concelleiros do PP

O concelleiro D. Xosé Luis Rivas abstense na votación.

Non sendo obtido o quórum mínimo de 6 que é a maioría absoluta de membros da Corporación, pola Secretaria de conformidade co establecido no artigo 196 c) da LOREG indicase que debe proclamarse Alcalde electo de Boimorto á Sra D^a Ana Ledo Fernández por ser a concelleira que encabeza a lista con mais votos populares nas eleccións celebradas o 22/05/2011.

O Presidente da Mesa de Idade D. Xosé Luis Rivas proclama a D^a Ana Ledo Fernández. Alcaldesa do Concello de Boimorto, accedendo esta á presidencia do salón de sesións.

A continuación a Secretaria pregunta á Alcaldesa proclamada se acepta o cargo.

A Sra D^a Ana Ledo Fernández responde afirmativamente e manifesta:

“ Xuro e prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Boimorto

con lealdade ó Rei e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”

asumindo os deberes e atribucións que legalmente lle corresponden, ocupa a presidencia do Pleno e sinala que:

Accede a esta Alcaldía para seguir a liña de traballo que empezou no 2011, garantindo os dereitos dos veciños de Boimorto e manifestándose como independente sen ideas predefinidas sinala que o importante non son as ideas senon levalas a cabo, e que espera sexa para todos un ano levadeiro.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Señora Alcaldesa levanta a sesión sendo as 20:10 minutos.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- D^a Ana Ledo Fernández